


INFORME DE SEGUIMENTO DO PLAN DE PROMOCIÓN DO CENTRO

Curso 2022/2023

R2 DO-0202 P1



INFORME DE SEGUIMENTO DO PLAN DO PROMOCIÓN DA FACULTADE DE HISTORIA 2022-2023

Recollemos no seguinte informe a análise dos resultados obtidos nas diversas liñas de actuación incorporadas ao Plan de Promoción da Facultade de Historia deseñado para o curso 2022/2023, que é público e se pode consultar no seguinte enlace: https://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R1_DO-0202_P1_2022-23.pdf. Tal como consta en dito documento, son tres as grandes liñas ou importantes obxectivos a través dos cales se artellan as propostas que foron desenvolvidas ao longo do mencionado curso 2022/2023:

i. En primeiro lugar, se nos fixamos no obxectivo denominado **proporcionar información e orientación ao posible alumnado de novo ingreso nas titulacións que se imparten no Centro**, e tomando en consideración as accións propostas para os distintos títulos de grao e post-grao que se imparten no noso Centro, pódese concluir que:

1. Tanto no Grao en Xeografía e Historia e no PCEO en Turismo e Xeografía e Historia (no que se referire á súa parte que en exclusiva se imparte no noso Centro) cumpríronse de xeito satisfactorio as accións previstas:

1.a. Información actualizada de xeito permanente tanto na web do Centro (<http://historia.uvigo.es/gl/estudiantes/futuro-estudantado>) como a través das redes sociais (Facebook, Instagram, Twitter e YouTube), nas que, seguindo coa dinámica xa desenvolvida en cursos precedentes, se informou dos aspectos más salientables de ambas as dúas titulacións. Para unha promoción máis óptima da modalidade semipresencial, continuose contando cos servizos da empresa Nasas, a cal deseñou unha nova campaña atractiva e axeitada ao perfil da nosa titulación; cuxas accións están recollidas no informe emitido por dita empresa e que incorporamos ao Anexo I do presente informe.

1.b. No que atinxe ás visitas aos Centros de Secundaria, principalmente focalizadas cara os centros educativos das provincias de Ourense e Pontevedra, comenzaron a regularizarse, deixando atrás a súa reducción que se evidenciou nos dous cursos académicos precedentes por mor da situación sanitaria que condicionou aos cursos 2019/2020 e 2021/2022. Deste xeito, se no curso precedente, que coincidiu coa situación da nova realidade que seguiu á pandemia sanitaria do curso xusto anterior tan só se visitara un na provincia de Ourense e dous máis na de Pontevedra, cunha participación total de 125 alumnas/os de 4.º da ESO e 1.º de Bacharelato; neste novo curso que nos coupa, vistáronse cinco centros na provincia ourensá, outros dous máis na pontevedresa e se ampliou esta liña de actuación á área meridional da lucense, tras constatarse nos últimos cursos que tamén se trata dunha zona da nosa Comunidade Autónoma con presenza regular entre o noso estudiantado. O resultado é que estas visitas aos Centros de Secundaria permitiron dar a coñecer as nosas titulacións a 313 alumnos/as de 3.º e 4.º da ESO e de 1.º de Bacharelato, aumentado deste xeito, considerablemente, non só o número de centros contemplados nesta acción desenvolvida, senón tamén o dos/as seus/súas receptores/as.

1.c. A diferenza do curso anterior, o proxecto “Tendendo pontes” dedicouse á organización dunha actividade denominada “Conecta” coa que se pretendeu suscitar o interese pola Xeografía e Historia entre alumnado da ESO. Para o seu desenvolvemento, parte do profesorado do Centro pertencente á Área de Historia Antiga acudiu a centros de Ensino Secundario a expor algúns dos contidos relacionados coa súa especilidade, e invitaron posteriormente ao estudiantado da ESO deses mesmos centros a que presentasen na nosa facultade os seus traballos elaborados no contexto da materia Cultura Clásica.

(<https://www.uvigo.gal/es/universidad/comunicacion/dubi/alumnado-eso-expon-facultade-historia-os-seus-traballos-mundo-clasico>)

1.d. Xa de xeito regularizado, desenvolveise correctamente a “Participación en Feiras Educativas e Xornadas de Portas Abertas”, contando una vez máis cos servizos da empresa Xeitura. Así, a Facultade de Historia estivo representada co seu stand na feira educativa Edugal que se celebrou en Pontevedra os días 26, 27 e 28 de outubro de 2022.

2. No mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural, continúanose coa actualización permanente da súa web, logo de que esta fose adaptada no curso pasado ao formato das titulacións da UVigo xa realizada o curso precedente.

3. Así mesmo, no que atinxe ao mestrado interuniversitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade, que coordina a USC, organizáronse conferencias de apoio impartidas por especialistas recoñecidos, a comezos e mediados do curso académico, que facilitaron a difusión e promoción desta titulación de máster.

ii. En segundo termo, no obxectivo de **mostrar** ao posible futuro alumnado do grao e do PCEO **as actividades e instalacións do centro**, as accións programadas realizáronse en coordinación co Vicerreitorado de Captación e o Vicerreitorado do Campus de Ourense no marco das xornadas “Coñece o Campus de Ourense” celebradas o día 13 de abril, cunha importante asistencia de alumnado procedente de diversos centros de Ensino Secundario das provincias de Ourense e Lugo. Para o alumnado interesado nas titulacións do noso Centro deseñouse un itinerario específico, con participación do profesorado do Centro, que contemplou a toma de contacto con laboratorios, aulas de formación, etc., resultando moi satisfactorios a participación e os resultados de dita actividade.

(Véxase o link desta actividade en

<https://www.uvigo.gal/es/universidad/comunicacion/duvi/500-estudiantes-preuniversitarios-participaran-xornada-conece-campus-ourense>)

iii. En terceiro lugar, o obxectivo referido a **ter unha maior visibilidade na sociedade** cumpríuse segundo as nosas previsións. En síntese:

1.a. A visibilización da Facultade a través das redes sociais, que recae este curso na secretaría do decanato e na empresa externa Nasas, reflíctese nos seguintes datos que permiten achegarnos ao interese do potencial alumnado da nosa facultade a través das redes sociais: o número de clics en Facebook no Dark Post supera ao do ano anterior (con 1.379 clics), sendo superado polos resultados obtidos en TikTok (1.772 clics); porén, producíronse descensos noutras redes sociais: as caídas más salientables rexistráronse nas canles Youtube (407 clics) e Instagram (45 clics), pero a dinimución tamén se produciu en Spotify (266 clics) logo de que a Facultade se incorporase a esta o curso pasado. Así mesmo, neste curso, a Facultade tamén se incorporou a Feed (163) e IG Stories (385).

1.b. Un curso máis, as actividades extraacadémicas organizadas polo profesorado, tanto xornadas e conferencias como saídas de estudos, desenvolvérónse con total normalidade durante todo o curso académico.

1.c. No que atinxe ás actividade do Centro é preciso salientar dúas novedades. A primeira foi o desdobramento das xornadas científicas que organiza a Facultade, permitindo ampliar a actividade a ambos os dous cuadrimestres. A segunda consistiu en adaptar o formato de saída de estudos/visita cultural que se viña realizando no primeiro cuadrimestre, a unhas xornadas sobre patrimonio da provincia de Ourense que se realizaron na Ribeira Sacra nas que participou unha parte considerable das áreas con docencia nas titulacións que se imparten na Facultade. Estes cambios contribuíon a unha maior visibilización do Centro na súa contorna, tal como acreditan os seguintes links procedentes da prensa:

https://www.lavozdegalicia.es/noticia/ourense/2022/09/28/span-langldestruindo-patrimonio-incomodo-perdemos-ocasion-educarspan/0003_202209028C2993.htm

<https://www.laregion.es/articulo/ourense/universidad-promueve-patrimonio-ourensano/202209272230221163585.html>

<https://galego.farodevigo.es/ourense/2022/09/28/jornadas-patrimonio-cultural-natural-75980462.html>

https://www.lavozdegalicia.es/noticia/ourense/allariz/2022/10/08/merceria-peña-rescatar-historia-nucleos-medievales-ourense/0003_20221008C6992.htm

Tampouco neste novo curso se desenvolveu a actividade denominada Olimpiada Galega de Historia, destinada aos centros de Ensinanza Secundaria, e se optou por seguir a desenvolver as *II Xornadas de innovación educativa e docente* (XIEFAH-2022), dirixidas a Centros de Ensinanza de Secundaria da Comunidade Autónoma e cuxa celebración se levou a cabo, una vez máis, de xeito totalmente virtual, o cal facilitou unha maior divulgación tanto da actividade coma do Centro.

Os resultados deste plan de promoción en cifras de nova matrícula concretáronse do seguinte xeito no curso 2022/2023:

- Grao en Xeografía e Historia. Sobre unha oferta de 40 prazas, matriculáronse 49 estudiantes.
- PCEO en Turismo e Xeografía e Historia. Sobre unha oferta de 10 prazas, matriculáronse 8 estudiantes, correspondéndolle ao noso Centro 4.
- Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural. Sobre unha oferta de 20 prazas, matriculáronse 19 estudiantes.
- Mestrado interuniversitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade. Sobre unha oferta de 8 que lle corresponden á UVigo, non se matriculou ningúen.

Na primeira titulación constátase un lixeiro aumento no número de alumnos/as matriculados/as en relación co curso 2021/2022, mentres que no PCEO, por segundo curso consecutivo, as súas cifras seguen a se situar un pouco por debaixo do número de prazas ofertadas, e no Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural se mantén nun nivel parelllo ao do curso pasado. Polo tanto, en termos xerais podemos concluír que as canles de difusión e actividades incluídas no plan de promoción resultaron exitosas. Porén, valoramos negativamente o dato da matrícula inexistente procedente da UVigo no Mestrado interuniversitario.

Como anexos a este documento inclúense os seguintes informes dos resultados da difusión:

Anexo I. Empresa Nasas (maio e xuño 2023)

Anexo II. Empresa Xeutura (todo o curso 2022-2023)

CREATIVE
CONTENT
GOOD
REPUTATION

FACULTADE HISTORIA, ARTE E
XEOGRAFÍA. CAMPUS OURENSE.
UNIVERSIDADE DE VIGO

CAMPAÑA MEDIOS DIGITALES 2022

CAMPAÑA 2022

Continuando con la acción del año 2021, se llevó a cabo una campaña centrada en promocionar la apertura de inscripciones al grado presencial y semipresencial.

Se trata de una campaña online y offline en la que convivieron distintos formatos, rediseñando 2 personajes históricos existentes: María Antonieta y Frida Kahlo y añadiendo uno nuevo a esta técnica collage: Julio César.

En cuanto a los contenido digitales, se llevó a cabo una nueva imagen gráfica para la web en dos versiones, gallego y castellano.

También se crearon contenidos orgánicos para Facebook, Twitter e Instagram, un spot e imágenes de cada personaje de la campaña.

En medios pagados se realizó una campaña de Ads en Spotify, TikTok, Instagram Stories, Facebook y Youtube.

Por otro lado, el contenido digital se acompañó del diseño de folletos para el grado presencial y para el grado semipresencial y carteles con la imagen de la campaña.

Para conseguir difusión en prensa online y escrita se redactó y envió una nota de prensa, el 13 de junio, a distintos medios locales, informando del comienzo de la campaña de inscripciones.

ACCIONES. 1º fase y medios propios

En mayo, coincidiendo con el final de las clases en 2º bachillerato, se publica una cuña en Spotify y se lanzan los nuevos folletos y carteles.

	FECHAS	INVERSIÓN	IMPRESIONES	ALCANCE	CLICS	CTR
SPOTIFY MAYO	13 – 20 mayo	252€	50.287	29.011	133	0,26%



ACCIONES. Página web:


Se actualiza la imagen gráfica de la página web acorde al diseño de la campaña de este año. Para ello, se realiza tanto la versión en castellano, como la versión en gallego.



ACCIONES. Medios propios

Del 13 al 23 de junio Se preparan contenidos orgánicos para Instagram, Facebook y Twitter, un total de 15 publicaciones entre las tres redes.

Las creatividades utilizadas fueron el **spot de la campaña** y las distintas imágenes de los personajes utilizados este año. Se publica también el spot en Youtube y se adaptan las portadas e imágenes de perfil de las redes.





Fai Historia con Nós - Fac. Historia de Ourense

92.724 visualizaciones • 13 jun 2022

 0  NO ME GUSTA  COMPARTIR  DESCARGAR  GUARDAR ...

ACCIONES. Medios pagados 2ª fase. Junio 2022

	FECHAS	INVERSIÓN	ALCANCE	IMPRESIONES/ VISUALIZACIONES	CLICS	CTR
FB - FEED	13 – 28 junio	100€	82.000	109.372	163	0,56%
FB – DARK POST	13 – 28 junio	800€	454.401	720.653	1.379	0,61%
INSTAGRAM POST	13 – 28 junio	200€	212.558	272.327	45	0,08%
IG STORIES	13 – 28 junio	900€	295.552	773.149	385	0,08%
TIK TOK	13 – 26 junio	800€	291.454	1.007.794	1.772	0,18%
SPOTIFY JUNIO	13 – 26 junio	750€	39.508	149.589	266	0,18%
YOUTUBE	13 – 26 junio	813€	189.619	91.901	407	0,21%



CONCLUSIONES:

- Se obtienen **un total 3.521.514 impresiones** de los anuncios en las diferentes plataformas, que son segmentados a Galicia a personas interesadas en las temáticas del Grado, lo que nos ha permitido impactar a la audiencia objetivo a través de diferentes fórmulas, formatos (vídeos, redes sociales, cuñas de audio...) y momentos.
- El total de impresiones, 3.521.514 impresiones, supera los datos de 2021, 2.748.216 impresiones, y 2020, 2.213.806 impresiones.
- El alcance en redes sociales y Spotify es de **1.425.760 personas**, superando también los registros de 2021 (707.459) y 2020 (364.451).
- Destaca el éxito de resultados tanto en Facebook en el Dark Post, con 1.379 clics a la web, y TikTok, con 1.772 clics.
- En **TikTok**, nueva plataforma en esta campaña, se consiguen **excelentes datos de alcance e impresiones**, 291.454 de alcance y un total de 1.007.794.
- La campaña acumula un total de **4.550 clics a la web**.

INFORME

DIFUSIÓN

GRAO XEOGRAFÍA E HISTORIA

CURSO 21-22



INFORME

DIFUSIÓN GRAO XEOGRAFÍA E HISTORIA CURSO ESCOLAR 2021-22

INTRODUCCIÓN

Dende o curso escolar 2015-16 vense ofertando aos centros escolares da provincia de Ourense e Pontevedra unha charla/obradoiro para dar a coñecer, non só a facultade de Xeografía e Historia se non tamén as diferentes saídas profesionais as que este grao os capacita.

No curso 2021 -22 realizáronse con normalidade un total de 8 visitas a centros escolares. Total de alumnado 313, repartíndose da seguinte forma: 162 ESO e 151 Bach.

EQUIPO IMPLICADO

Responsable	
Begoña Garrido Labrador	Coordinadora e encargada da realización da charla e dinámica/xogo de cartas.

CENTROS VISITADOS

- 8 visitas a centros escolares.
 - 16/3/2022 - Colexio Divino Maestro
 - 31/03/2022 - IES A Pinguela
 - 4/04/2022 - IES Taboada Chivite
 - 4/04/2022 - Colegio Padre Feijoo
 - 6/04/2022 - IES Xunqueira I
 - 25/4/2022 - Maristas
 - 29/04/2022 - Salesianos
 - 9/5/2022 - IES ROSAIS 2

INFORME

DIFUSIÓN GRAO XEOGRAFÍA E HISTORIA CURSO ESCOLAR 2021-22

DATA	CENTRO	LOCALIDADE	Nº ALUMNADO		
			3º ESO	4º ESO	BACH
MARZO					
16/3/2022	Colegio Divino Maestro	Ourense	25	25	
31/03/2022	IES A Pinguela	Monforte			16
ABRIL					
4/04/2022	IES Taboada Chivite	Verín		56	
4/04/2022	Colegio Padre Feijoo	Ourense		32	
6/04/2022					
25/4/2022	Maristas			24	
29/04/2022	Salesianos	Ourense			70
MAIO					
9/5/2022	IES ROSAIS 2	Vigo, Pontevedra			33
XUÑO					
14/6/2022	Xornadas difusión	Ourense			



INFORME

DIFUSIÓN GRAO XEOGRAFÍA E HISTORIA CURSO ESCOLAR 2021-22



No curso 2021-22 asistiuse ao EDUGAL, feira que permítén ter contacto directo, non só estudantes se non tamén con profesorado, orientadores ou mesmo nais , pais ou titores legais .

Isto axuda a aumentar máis a posibilidade de informar sobre as saídas profesionais do grado de historia así como das actividades dirixidas aos centros educativos que a facultade oferta.

<https://www.edugal.es>

Nesta feira contábase cun punto de información ocupando o expositor nº 22. FACULTADE DE HISTORIA



INFORME

DIFUSIÓN GRAO XEOGRAFÍA E HISTORIA CURSO ESCOLAR 2021-22



Valoración/ recomendacións:

- Continuar asistindo a este tipo de eventos. Fortalecer a imaxe e identidade da Facultade . Cando se participa dentro dunha feira ou exposición é un gran escaparate e isto axuda a posicionar máis a presenza da imaxe corporativa e da oferta educativa da facultade.
- Punto negativos.
 - Mal posicionamento pois a distribución dos mesmo se fixo por facultades non por disciplinas a fins. Polo que o estar no medio de dous grados de ciencias non favorecía o achegamento ao público correcto.
 - Escasas visitas en horario de tarde.

Equipo



BEGOÑA GARRIDO
HISTORIADORA
ESPECIALISTA DIDÁCTICA
DO PATRIMONIO



CONTACTA CONNOSCO:

begogal@xeitura.com

650 05 70 11

Rúa Emilia Pardo Bazán, Est. Autobuses Oficinas s/n
(Allariz 32660. Ourense).